


**CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO E O
COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PARA O
DESENVOLVEMENTO DAS NORMAS DO HÁBITAT GALEGO E
LIBRO DO EDIFICIO.**

Santiago de Compostela, a 17 de outubro de 2008

REUNIDOS

Dunha parte, a Sra. Dona María Teresa Táboas Veleiro, Conselleira de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, no exercicio das funcións que lle confire o art. 34 da Lei 1/83, do 22 de febreiro, da Xunta e da súa Presidencia en relación co Decreto 213/2005, do 03 de agosto, do seu nomeamento.


E doutra, D. Celestino García Braña, na súa condición de Decano-Presidente do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 11 dos Estatutos Xerais dos colexios de arquitectos e do seu Consello superior, aprobados polo RD 327/2002 de 5 de abril, BOE nº 95 do 20 de abril.

As dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

I.- A Consellería de Vivenda e Solo, de acordo co establecido no Decreto 505/2005, do 22 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Solo, exerce as funcións, entre outras, as sinaladas no epígrafe g) o establecemento das medidas relativas á aplicación e complementación do Código Técnico da Edificación, h) o establecemento de medidas e programas que incentiven o desenvolvemento sostible, a promoción e xestión inmobiliaria e a competitividade do sector, en colaboración cos axentes da edificación e no x) a sinatura de convenios con entidades sen ánimo de lucro co fin de colaborar no establecemento de medidas relacionadas coas competencias do departamento.

A Consellería de vivenda e Solo publicou o Decreto.262/2007, do 20 de decembro, polo que se aprobaron as normas do hábitat galego.e que entraron en vigor o 17 de abril. Con este decreto apróbase unha nova regulación para a vivenda na nosa comunidade autónoma, co obxecto de mellorar o deseño, a calidade e a funcionalidade das vivendas. Este decreto






harmoniza co Código Técnico da Edificación así como co Real Decreto 505/2007, do 20 de abril, no que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e demais normas técnicas sectoriais cuxo contido ten unha ampla influencia na determinación dos espazos dos edificios.

II.- O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, é unha Corporación de Dereito Público regulada pola Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de Colexios Profesionais, modificada pola Lei 74/1978, do 26 de decembro, así como pola Lei 7/1997, do 14 de abril, e polos Estatutos para Régimen y Gobierno de los Colegios de Arquitectos aprobados por Decreto, do 13 de xuño de 1931, e confirmados pola Lei, do 4 de novembro do mesmo ano, así como polos seus propios Estatutos, aprobados pola Xunta Xeral, do 18 de decembro de 1998, e que entre as funcións que ten atribuídas e encomendas, está a firma de convenios de colaboración con outras institucións, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, para prestar un mellor servizo de asesoramento e de asistencia, realizando estudos, informes, estatísticas e promovendo publicacións e documentos informativos en materia da súa competencia.


Para o colexio existe un especial interese para que polos seus asociados teñan coñecemento das novas normas do hábitat galego que pola Consellería de Vivenda se están a implantar e así poder homexenizar os criterios nas distintas provincias.

III.- Trala firma do convenio marco o 24 de abril de 2006 entre a Consellería e o COAG, a fin de establecer as bases que permitan unha optimización dos esforzos das súas institucións nos campos da arquitectura e a vivenda, para mellorar así o seu estudo e incrementar a súa calidade de cara a obter unha maior rentabilidade social. Dito convenio enuncia no seu punto quinto unha serie de actuacións que é conveniente concretar con motivo da publicación do Decreto 262/2007 sendo preciso que para a súa difusión se firma un convenio específico onde se determine o alcance, condicións para levalo a cabo, recursos humanos, calendario de execución, contía económica e partidas orzamentarias con cargo ás que se levará cada unha das actuacións previstas, así como as garantías para a correcta aplicación das mesmas.

V.- Que é de interese común das dúas partes actuar de forma coordinada para a realización de traballos e documentos de apoio para a súa posterior aplicación práctica e de utilización pola sociedade galega en xeral, a través da Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda.



[Handwritten signature]





A Consellería, a través da Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda, ten entre as funcións segundo o establecido no art. 5 Decreto 505/2007, do 22 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Solo:

- Fomento da rehabilitación, recuperación e renovación dos centros históricos, dos tecidos urbanos degradados, das áreas de rehabilitación, do medio rural e das vivendas e edificacións que se sitúen nestes ámbitos, mediante o establecemento e xestión de todo tipo de axudas.

- Actuación directa na rehabilitación e recuperación de cascos históricos e núcleos rurais.

- Apoio ós axentes intervinientes nos procesos de rehabilitación.



- Regulación normativa e o establecemento de estándares de habitabilidade das vivendas no marco das demandas actuais de confort e eficiencia enerxética.

- Proposta de implantación do Código Técnico da Edificación e a súa complementación adoptada ás características da edificación en Galicia.

- Establecemento de estándares técnicos, e en xeral, a acreditación das recomendacións que se establezan no relativo a materiais, procesos e sistemas construtivos.

Pola súa parte o COAG, ven desenvolvendo labores de control documental no seu visado colexial, de información e de formacións relativa a aspectos novidosos na lexislación técnica aplicable, así como recollida de información sobre outros temas de interese para os seus colexiados e para o público en xeral. Entre estas cuestións debe figurar o proceso formativo e informativo do recente Decreto 262/2007, sendo conveniente facilitar a todos os colexiados, como primeiramente afectados, a información mais precisa das consecuencias da súa entrada en vigor e a implementación e contido concreto do Libro do Edificio en Galicia.

Para isto, convense en celebrar o presente Convenio, que establece, as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo, e o COAG de acordo coas seguintes:





CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio pretende definir o cadro específico de colaboración entre a Consellería e o COAG, co fin de concretar o proceso formativo, divulgativo e informativo do Decreto do Hábitat Galego, co fin de facilitar aos colegiados do COAG a información máis precisa de dito Decreto, así como a implementación e contido concreto do Libro do Edificio en Galicia.

1.- Respecto ás normas do hábitat galego (NHG):


a) Realización de charlas informativas sobre o decreto do hábitat galego impartidas por parte dos técnicos da Consellería en tódalas delegacións do COAG.

Realizaranse 7 charlas informativas, unha en cada delegación do COAG cunha duración estimada de 2 horas e cun turno de preguntas posterior de aproximadamente unha hora. Estas charlas serán impartidas pola persoa titular da Subdirección Xeral de Calidade e Fomento e Calidade da Vivenda e pola persoa titular do Servizo de arquitectura e habitabilidade.


b) Constituirase un grupo de traballo por técnicos de ambas partes para levar a cabo a confección dunha publicación especializada das NHG, con información complementaria de táboas comparativas coa normativa anterior e propostas clarificadoras da súa aplicación. Incorporaranse fichas gráficas para facilitar o cumprimento do decreto, así como proxectos de interese que sirvan como referentes de calidade respecto ás NHG.

c) Constituirase un grupo de traballo por técnicos de ambas partes para levar a cabo a confección dunha memoria tipo para incluír na memoria de proxectos de edificación, seguindo o modelo do anexo III do Decreto, así como a súa implementación no programa de asistencia para a redacción de proxectos de arquitectura. Así mesmo propónse realizar unha aplicación propia de Galicia, en galego, dun programa CAD de debuxo, no que se inclúan os módulos prefixados e mobiliario básico do Decreto de Hábitat.

d) Creación dun enlace na páxina web do COAG coa páxina de consultas das normas do hábitat existente na Consellería.



[Handwritten signature]





e) Publicación dun compendio de normativa técnica que afecte ao ámbito de competencia da Consellería de Vivenda e Solo especificamente dirixido á edificación de vivendas en Galicia e que se realizará en colaboración por ambas partes.

2.- Respecto ao Libro do Edificio:

Creación dun grupo de traballo para elaborar o modelo do Libro do Edificio, como traballo preliminar para o futuro decreto sobre o Libro do edificio a regular pola Consellería.

SEGUNDA.- O nomeamento das persoas que formaran parte dos grupos de traballo realizaranse no prazo de 15 días dende a sinatura do convenio. A súa composición será paritaria establecendo no momento da súa constitución un plan de traballo e un calendario de reunións para levar a cabo o exposto na cláusula primeira.

TERCEIRA.- OBRIGAS DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA

1.- Compromisos técnicos:

O COAG comprométese a organizar, difundir e levar a bo termo as sete charlas informativos das NHG, de acordo cos criterios que estableza a Consellería.



A publicación da publicación especializada das NHG e a súa difusión entre os seus colexiados.

O contido das seguintes actuacións definiránse a través dos grupos de traballo tal e como se expón na cláusula primeira.

Á confección da publicación especializada das NHG e ás fichas gráficas, de acordo coas directrices que a Consellería estableza, así como a súa difusión entre os colexiados.

Á realizar en soporte web de memorias tipo para verificar o cumprimento nos proxectos de edificación e nos documentos de planeamento das NHG e difundila entre os colexiados.

A realizar a recopilación e maquetación do conxunto normativo cun documento de compendio da normativa técnica de acordo coas directrices da Consellería e a súa difusión entre os colexiados.





A personalización dun programa CAD engadindo o galego nas linguas de referencia, na forma fixada na memoria xustificativa.

A crear a ferramenta informática para a realización dun Libro do Edificio propio para Galicia que recolla e profundice nos sistemas construtivos propios da Comunidade autónoma.

2.- Compromisos económicos:

O COAG asume o compromiso do 50% do custo estimado para a execución dos traballos, é dicir, cento noventa e catro mil euros (194.000,00 €). Esta cantidade acreditarase mediante a aportación de xustificantes de gasto realizado.

3.- Recursos materiais e humanos:

O COAG disporá dos recursos humanos e materiais necesarios para levar a bo fin este convenio, dando precisa conta delo á Consellería de Vivenda e Solo, no desenvolvemento do mesmo.

CUARTA.- OBRIGAS DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

En razón das prestacións deste convenio, a Consellería de Vivenda e Solo asume, as seguintes obrigas:


1.- Compromisos técnicos:

A Consellería de Vivenda e Solo comprométese a realizar as actividades que se sinalan na cláusula terceira a través da súa participación activa co persoal designado para formar parte dos grupos de traballo que se constitúan.


Facilitar ao grupo de traballo designado polo COAG, toda a información documental, ferramentas e apoio técnico que sexan precisos para a realización de tódolos apartados contidos neste convenio.

Así mesmo colaborará para conseguir aqueles outros documentos e ferramentas necesarias que obren noutros organismos ou institucións para levar a bo fin o convenio.

3.- Recursos materiais e humanos:



Handwritten signature





A Consellería de Vivenda e Slo disporá dos recursos humanos e materiais necesarios para levar a bo fin este convenio, dando precisa conta delo ao COAG, no desenvolvemento do mesmo.

3.- Compromisos económicos: Aportar como máximo, a cantidade de **cento noventa e catro mil euros**, IVE incluído (194.000,00 €), con cargo ás partidas orzamentarias 17.02.451C.227.06 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2008,

Facerlle os libramentos ó COAG segundo as fases e condicións que se establecen de seguido:

Aboaranse nunha 1ª fase a cantidade de **cincuenta e oito mil euros** (58.000,00 €) correspondentes ás accións seguintes:

- | | |
|-----------------------------|-------------|
| a) Charlas informativas | 18.000,00 € |
| b) Publicación NHG e fichas | 92.000,00 € |
| c) Memorias tipo | 6.000,00 € |



Estas actividades supoñen un importe total de 116.000,00 € dos que cada parte aporta o 50 %.

Na 2ª fase aboaranse a cantidade de **cento trinta e seis mil euros** (136.000,00 €) correspondentes ás actuacións seguintes:

- | | |
|---------------------------|--------------|
| a) Compendio da normativa | 200.000,00 € |
| b) Programa CAD | 30.000,00 € |
| c) Libro do edificio | 42.000,00 € |

Estas actividades supoñen un importe total de 272.000,00 € dos que cada parte aporta o 50 %.

Para realizar os libramentos ao COAG, en cada unha das fases, o COAG expedirá a correspondente factura acompañada da certificación do seu Decano-Presidente dos gastos efectivamente realizados xunto coas facturas correspondentes.





QUINTA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ó día seguinte da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 30 de decembro de 2008 se ben por causas debidamente xustificadas poderá ser obxecto de prórroga .

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento, composta por tres membros de cada unha das partes asinantes que actúe mecanismo conxunto de plena efectividade e que se reunirá a petición dunha das partes.

SÉTIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O presente convenio resolverase:


- a) Polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- b) Polo transcorrer do tempo estipulado sen que o COAG xustifique ante a Consellería de Vivenda e Solo as realizacións obxecto do mesmo.
- c) A denuncia por calquera das partes por razóns de interese público.

OITAVA.-


Ó presente convenio non lle será de aplicación a lexislación de Contratos das Administracións Públicas, conforme ó disposto no artigo 4.1.d) da Lei 30/2007, do 30 de outubro de contratos do sector público, coa salvedade, segundo o apartado 2 do mesmo artigo, da aplicación supletoria dos principios da Lei para resolve-las dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

Dada a natureza xurídico pública do presente documento as controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio serán resoltas pola xurisdición contencioso administrativa.

En proba de conformidade asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data ó comezo citado.

Pola Consellería de Vivenda e Solo

María Teresa Taboas Veleiro

Polo COAG


Celestino García Braña
